

Entendemos o cambio climático con Palmira e Marcial



As seguintes actividades están programadas para traballar e afondar nos contidos abordados no cómic.

Partiremos da lectura guiada do cómic en inglés ou galego. Pódese facer unha lectura global e logo ir traballando por partes.

As actividades están estruturadas en cinco bloques que poderían corresponder con cinco sesións de clase. Algunha delas implica traballo fóra da aula, para buscar ou recoller información; outras poden requirir algunha aclaración ou explicación por parte do profesor, que tamén se encargará de organizar os grupos.

No caso das actividades en inglés o mestre valorará cales delas son axeitadas para os seus alumnos.

BLOQUE 1.- Referido ao consumo de combustibles fósiles na actualidade, comezos do s. XXI; necesidades enerxéticas e consumo de enerxía producida maiormente por combustión de petróleo, carbón e gas natural, co risco que isto supón para o medio.

BLOQUE 2.- Enerxías renovables e limpas. Amósanse como alternativa limpa aos combustibles fósiles.

BLOQUE 3.- Prácticas respectuosas con medio, a nivel de políticas globais, pero tamén a nivel individual con medidas que todos podemos aplicar cada día cara o aforro de auga, enerxía, reciclaxe, etc.

BLOQUE 4.- Consecuencias do cambio climático. Amósanse imaxes futuras do que pasará no planeta se non se actúa de inmediato.

BLOQUE 5 .- Vida en Altamira. Reflexión a través da perspectiva do tempo de como as condicións climáticas sempre influíron na vida dos homes.



Con estas actividades intentamos contribuír á adquisición das competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística, a través da expresión de ideas, opinións, vivencias...
- Competencia matemática no aspecto de razoar, argumentar e deducir.
- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico, a máis relacionada co tema do cambio climático, vendo a influencia do ser humano na natureza, predición de consecuencias e accións encamiñadas a preservar as condicións de vida dos seres vivos no planeta.
- Competencia en tratamento de información e competencia en aprender a aprender a través de actividades que implican buscar, obter e procesar información e sacar conclusións.
- A competencia social, competencia en autonomía e iniciativa persoal, con actividades en grupo onde o alumno pode expresar opinións, debater e respectar aos demais, e desenvolver iniciativas para a planificación e organización do traballo e fomentar o traballo cooperativo.





ISBN 978-844534802-4



9 788445 348024



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de